



CONVOCATORIA DE CURSO DE ADESTRADOR DA MODALIDADE DE PERCORRIDOS DE TIRO (IPSC) DE CATEGORIA REXIONAL.

Á vista da actividade deportiva da modalidade de percorridos de tiro que se desenvolve en Galicia, e para facilitar a incorporación de tiradores a esta modalidade, a Xunta Directiva da Federación Galega de Tiro Olímpico, na súa reunión do pasado día 24 de marzo, acordou convocar o seguinte curso:

Curso de Adestrador da modalidade de percorridos de tiro (IPSC),
De categoría Rexional.

Condições:

Ter licenza de armas tipo “F” en vigor e ter participado en dous campionatos galegos da modalidade nos últimos cinco anos.

O Prezo de inscrición será de 35,00 euros, no que se inclúe a primeira licenza federativa para os novos adestradores

As persoas interesadas deberán formular a súa inscrición na Federación Galega de Tiro Olímpico por correo electrónico (galega@fegato.gal) ou calquera outro medio que quede constancia, e ingresar a cota de 35 euros na conta ES83-2080-5500-4130-4011-3430.

O Prazo de inscrición remata o día 20 de xuño de 2017. Na páxina web figura un formulario de inscrición.

O Curso será impartido os días 29 de xuño e 1 de xullo, de 9:00 a 20:00 horas, nas instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública de A Estrada (Pontevedra). Se por causa de forza maior houbera que modificar algunha das condicións, lugar de impartición, etc. comunicarese oportunamente.

Teléfono de contacto: 629801505 (D. José María Fajardo de Andrade y Schachter).

Lugo, 30 de maio de 2018.

O Presidente,

Asdo.: Angel Blas Paz Díaz.